

CV25029

Memoria xustificativa e económica do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Friol para a mellora do sistema de saneamento e depuración de Roimil. Friol (Lugo).

1. Antecedentes

O Concello de Friol ten atribuídas competencias en materia de saneamento, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

A atribución competencial realizada pola lei básica refórzase na lexislación galega. Tanto a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (artigos 81 a) e 80.2 l)), coma a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 5.1 a) e 27.1), atribúen aos concellos competencias en materia de rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establecen como servizos de prestación obrigatoria por todos os concellos, na liña da lexislación básica, a xestión da rede de sumidoiros, así como o tratamento de augas residuais.

Ademais, o artigo 27.2 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

A entidade pública Augas de Galicia, creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do



cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o concello que permitan á entidade local acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras necesarias para dotar de subministro eléctrico ao sistema de saneamento e depuración de Roimil no Concello de Friol (Lugo).

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O Concello de Friol dispón desde o 2023 dun sistema de saneamento e depuración no núcleo de Roimil que aínda non se atopa en funcionamento. A pesar de que as obras do sistema finalizaron, estas non incluíron o subministro eléctrico que se require para que o sistema de saneamento e depuración funcione. Así coas actuacións obxecto do convenio preténdese dotar de subministro eléctrico ao sistema de saneamento e depuración de Roimil no Concello de Friol e que se considera necesario para a súa operatividade.

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento ten por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das



entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

4. Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascende a dezaseis mil vinte e seis euros con nove céntimos (16.026,09 €). Augas de Galicia financiará os gastos relativos á dotación do subministro eléctrico do sistema de saneamento e depuración de Roimil no Concello de Friol (Lugo), que ascenden a dezaseis mil vinte e seis euros con nove céntimos (16.026,09 €).

Augas de Galicia financiará a súa achega con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2025, aplicación orzamentaria 2025-06-82 542B 76000, coa seguinte distribución de anualidades:



Tipoloxía de gasto	2025
Gastos de persoal	
Subministrados e servizos	
Outros: custo obra	16.026,09 €
Total (€)	16.026,09 €

5. Vinculación co Plan estratéxico de Galicia

As actuacións son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de marzo de 2022, ao que se vinculan da seguinte forma:

1. Eixo: E2: Galicia verde e sostible
2. Prioridade actuación: PA.2.4 Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.
3. Obxectivo estratéxico: OE.2.4.1 Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga.
4. Obxectivo operativo: OO02-Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración dos cidadáns de Galicia, diminuindo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia e eficiencia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas.
5. Indicadores:
 - PO044/Grao de execución (%)
 - PO0153/Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración
 - PO0437/Actuacións de colaboración para mellora da xestión do ciclo integral da auga.
6. Unidades de medición: grao de execución estimado no exercicio corrente: 100%



6. Territorialización do gasto:

Concello: Friol

7. Contribución ós ODS.

DENOMINACION ODS	OBXECTIVO ESPECIFICO	Denominación obxectivo específico
ODS 6. Garantir a dispoñibilidade e a xestión sustentable da auga e o saneamento para todos	6.3	De aquí a 2030, mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando o vertimento e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo á metade a porcentaxe de augas residuais sen tratar e aumentando considerablemente a reciclaxe e a reutilización sen riscos a nivel mundial.

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director de Augas de Galicia

Roi Fernández Añón

